# MEMORIA DE CALIDADE

## Facultade de Ciencias Políticas e Sociais

## Curso Académico: 2015/2016

## Índice

1. Introdución ....................................................................................................1
2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade .................................... 2
3. Plan de Melloras do Centro .............................................................................. 19
4. Anexo: Informes de seguimento ...................................................................... 30

## 1. Introdución

**A presente memoria é testemuña do compromiso da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais coa adopción dun enfoque de calidade que procura no só a excelencia dos programas formativos que oferta, senón a construción dunha comunidade académica comprometida cun ensino público de calidade e a máxima conexión co tecido socioeconómico no que se insiren a Facultade de Ciencias Políticas e Sociais e a Universidade de Santiago de Compostela (USC).**

**No marco dos programas de xestión de calidade implementados pola USC, a Facultade de Ciencias Políticas e Sociais [en adiante, a Facultade] configura a súa política propia asumindo como principal obxectivo o desenvolvemento eficiente da súa oferta educativa.**

**O desexo de perfeccionar os programas formativos que se imparten no Centro é unha das principais motivacións que guía aos órganos de goberno do Centro e compromete mesmo á toda á comunidade académica. Este desexo materialízase nunha supervisión estreita da posta en práctica dos programas e a procura continua de elementos que merecen ser mellorados.**

**Os nosos obxectivos abranguen, igualmente, o estímulo da actividade investigadora así como o enriquecemento da vida cultural da nosa comunidade e o incremento da participación de todos os actores implicados, fomentando, en suma, como proxecto común, a oferta dun servizo público renovador, aberto e responsable.**

**Esta Memoria de Calidade, correspondente ao curso académico 2015-2016, foi elaborada no seo da Comisión de Calidade e aprobada polos seus integrantes o 6 de marzo de 2017. Posteriormente, o 4 de maio de 2017, foi aprobada pola Xunta de Facultade.**

**O documento recolle información relativa ao Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC), ao seguimento dos títulos impartidos no Centro e ao plan de melloras (novas propostas para o presente curso 2015-2016), incluíndo as accións de mellora derivadas do seguimento dos títulos.**

## 2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

### 2.1 Estrutura da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais para o desenvolvemento do SGIC

#### *Ámbito de aplicación*

**O ámbito de aplicación do SGIC durante o curso 2015-2016 abrangue todas as titulacións impartidas no Centro e toda a súa comunidade: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos.**

**Os títulos vinculados á Facultade, vixentes durante o curso 2015-2016 foron:**

- ***Grao en Ciencia Política e da Administración*** **(BOE de 16/02/2009) [en adiante, GCPA]**
- ***Máster Universitario en Marketing, Consultoría e Comunicación Política*** **(DOG de 12/02/2013) [en adiante, MMCCP].**

**Ao tratarse de títulos en extinción, o** ***Máster en Xestión Pública*** **(DOG de 23/09/2010) e o** ***Máster en Xuventude e Sociedade*** **(DOG de 3/01/2012) non realizaron informes de seguimento do curso 2015-2016.**

#### *Documentación de referencia*

**Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGIC, ademais do Manual do SGIC e do Manual de Procesos e Procedementos e da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC), a que se inclúe a continuación:**

- **Memoria do Grao en Ciencia Política e da Administración.**
- **Memoria do Máster Universitario en Márketing, Consultoría e Comunicación Política.**
- **Normativa propia do Centro (Regulamento dos Traballos Fin do Grao en Ciencia Política e da Administración; Regulamento Interno de Xestión de Espazos e Mecanismo de Supervisión de Obrigas Docentes).**
- **Actas cos acordos da Xunta de Facultade e das distintas comisións delegadas.**

**Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen no desenvolvemento do SGIC son:**

- **Equipo Decanal.**
- **Responsable de Calidade do Centro.**
- **Xunta de Facultade.**

- **As Comisións delegadas da Xunta de Facultade e, en especial, a Comisión de Calidade de Centro.**
- **Coordinador do GCPA.**
- **Coordinador do MMCCP.**
- **Comisión Académica do MMCCP.**
- **Comisión do Título de MMCCP.**

**As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionadas co desenvolvemento do SGIC poden consultarse no Apdo. 1.2.3 (Pp. 5-13) e Apdo. 3 (17 e ss.) do *Manual Simplificado do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais* (Aprobado pola Xunta de Facultade o 12/06/2015). Detállase a continuación a composición (curso 2015-16) da Comisión de Calidade do Centro [en adiante, CCC]:**

- **Decana (presidenta)**
- **Vicedecano (Responsable de Calidade do Centro)**
- **Coordinador do Titulo de Grao**
- **Coordinador do Titulo de Máster**
- **Xestor de Centro**
- **2 alumnos**
- **1 membro do PAS**
- **2 membros do PDI**

**As funcións principais da CCC son as seguintes:**

- **Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGIC no Centro.**
- **Elaborar a Memoria de Calidade do Centro, que englobará distintos informes e memorias: proposta do plan de melloras do Centro para o curso seguinte, que recollerá as propostas de mellora dos Títulos derivadas dos seus informes de seguimento; informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora; informes de seguimento dos Títulos.**

**Na implantación do SGIC implícase a todos os grupos de interese internos, e, a través dos órganos previstos nel, analízanse diversos indicadores que permiten ter un coñecemento detallado de todos os aspectos relevantes para o seguimento dos títulos e para propor modificacións e melloras neles.**

*Reunións da Comisión de Calidade do Centro durante o curso 2015-2016:*

**23 de novembro de 2015. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:**

- **Lectura e aprobación da acta da reunión anterior.**
- **Planificación do Proceso de Elaboración do Informe de Acreditación e Seguimento 2014-15 do Grao en Ciencia Política e da Administración.**
- **Rolda aberta de intervencións.**

**26 de novembro de 2015. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:**

- **Reunión de traballo (informe de seguimento do Grao en Ciencia Política e da Administración 2014-2015).**
- **Rolda aberta de intervencións.**

**30 de novembro de 2015. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:**

- **Reunión de traballo (informe de seguimento do Grao en Ciencia Política e da Administración 2014-2015).**
- **Rolda aberta de intervencións.**

**9 de decembro de 2015. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:**

- **Reunión de traballo (informe de seguimento do Grao en Ciencia Política e da Administración 2014-2015).**
- **Rolda aberta de intervencións.**

**10 de decembro de 2015. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:**

- **Reunión de traballo (informe de seguimento do Grao en Ciencia Política e da Administración 2014-2015).**
- **Rolda aberta de intervencións.**

**14 de decembro de 2015. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:**

- **Lectura e aprobación das actas anteriores.**
- **Aprobación definitiva do informe de seguimento/acreditación do Grao en Ciencia Política e da Administración 2014-2015.**
- **Rogos e preguntas.**
- **Aprobación da acta desta reunión.**

**11 de febreiro de 2016. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:**

- **Lectura e aprobación da acta anterior, se procede**
- **Organización da visita da Comisión Avaliadora Externa (Acreditación).**
- **Inicio e planificación do traballo de modificación da memoria do Grao en Ciencia Política e da Administración.**
- **Rogos e preguntas.**

**16 de febreiro de 2016. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:**

- **Punto único: Preparación da visita da comisión avaliadora externa (renovación de acreditación).**

**15 de marzo de 2016. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:**

- **Lectura e aprobación, se procede, das actas anteriores**
- **Revisión e toma en consideración das respostas sobre a proposta de modificación do Plan de Estudos.**
- **Elaboración da memoria de calidade do centro e accións de mellora 2016.**
- **Rogos e preguntas**

**17 de marzo de 2016. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:**

- **Punto único: Aprobación se procede da memoria de calidade do Centro 2014-15.**

**28 de marzo de 2016. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:**

- **Punto único: Aprobación, se procede, das accións de mellora da calidade docente 2016.**

**7 de abril de 2016. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:**

- **Lectura e aprobación, se procede, das actas anteriores**
- **Modificación do Plan de Estudos do Grao en Ciencia Política e da Administración**
- **Asuntos de Trámite**
- **Rolda aberta de intervencións**

**14 de abril de 2016. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:**

- **Aprobación, se procede, da proposta de reforma (Memoria de modificación substancial autorizable) do 4° curso do Grao en Ciencia Política e da Administración.**

**11 de maio de 2016. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:**

- **Toma en consideración do informe de acreditación do Centro**

**24 de maio de 2016. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:**

- **Aprobación, se procede, do Plan de Melloras vinculado ao proceso de acreditación.**

***Reunións da Comisión do Título do MMCCP durante o curso 2015-2016:***

**4 de decembro de 2015. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:**

- **Reunión de traballo (informe de seguimento do Máster de Márketing, Consultoría e Comunicación Política).**
- **Rogos e preguntas.**

**9 de decembro de 2015. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:**

- **Reunión de traballo (informe de seguimento do Máster de Márketing, Consultoría e Comunicación Política).**
- **Rogos e preguntas.**

**14 de decembro de 2015. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:**

- **Reunión de traballo (informe de seguimento do Máster de Márketing, Consultoría e Comunicación Política).**
- **Rogos e preguntas.**

## 2.2 Seguimento do SGIC

**A USC ten establecido e mantén documentado e implantado un Sistema de Garantía Interna de Calidade e mellora continuamente a súa eficacia consonte aos requisitos dos modelos de garantía de calidade Fides-Audit. De acordo con este modelo, o deseño do Sistema de Garantía Interno de Calidade aplicado a todas as ensinanzas oficiais impartidas no Centro obtivo un informe positivo (26/04/10) conforme ás directrices establecidas na documentación vixente do Programa FIDES – AUDIT.**

**A USC aprobou o primeiro SGIC marco en decembro de 2009 e, dentro deste SGIC marco, e de acordo cun modelo simplificado aprobado pola USC, a Facultade de Ciencias Políticas e**

**Sociais aprobou na Xunta de Facultade do 12 de maio de 2015 o seu *Manual simplificado do SGIC da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais*. Este SGIC foi aprobado definitivamente polo Consello de Goberno da USC o 12 de xuño de 2015.**

**O SGIC concrétase nos procesos, completados por varios procedementos auxiliares, definidos no SGIC marco, sen variacións adoptadas no centro. O desenvolvemento de cada proceso/procedemento contense no manual de procesos do SGIC marco da Universidade, así como na aplicación informática de soporte ao Sistema de garantía de calidade do Centro. Tanto o *Manual simplificado do SGIC da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais* así como o resto da documentación relacionada co mantemento de SGIC están dispoñibles a través da páxina web da Facultade, no seu epígrafe dedicado ao Sistema de Garantía de Calidade: http://www.usc.es/gl/centros/politicas/SGIC.html**

**De acordo co establecido no SGIC marco da USC e no SGIC da Facultade, os procedementos de recollida de información funcionaron axeitadamente. A Información recollida foi analizada, en especial, no proceso de seguimento de títulos e fixación de accións de mellora.**

**Ademais dos procedementos de recollida de información fornecidos pola USC, o Centro impulsa a aplicación de ferramentas propias de recollida de datos, como son a enquisa de inserción laboral , as enquisas a novo alumnado e ao alumnado pertencente a programas de intercambio.**

**Nas actas das reunións da Comisión de Calidade e Comisión do Título do MMCCP recóllense as valoracións sobre a análise dos distintos indicadores, que serven de base para formular propostas de mellora que son incorporadas aos respectivos informes de seguimento.**

**Para analizar a calidade do ensino e a do profesorado utilízanse datos relativos a PDA, POD, información sobre o persoal de apoio, sobre o profesorado, informes sobre cualificacións e varias enquisas de satisfacción do alumnado e do profesorado. Os datos e informes son analizados polos órganos do SGIC para acadar a mellora da calidade das ensinanzas.**

**A recollida de información e o seu tratamento desenvolveuse segundo o previsto, aínda que habería que indicar que o nivel de participación do alumnado nas enquisas é moi baixo, o que resta fiabilidade aos resultados. Para incrementar o nivel de participación do estudantado nas enquisas de satisfacción, nos períodos de realización das mesmas, a dirección do centro está a dar publicidade ás mesmas a través das pantallas do centro e estanse a remitir comunicacións individuais ao alumnado instando a súa participación.**

**Os procedementos de suxestións e reclamacións están contidos no SGIC. O procedemento de suxestión e queixas recolle a súa tramitación a través do Valedor da Comunidade Universitaria, a través da Oficina de Análise de Reclamacións (o tratamento de queixas, suxestións e recursos administrativos), e a través do Decanato da Facultade. Cos datos**

**fornecidos, analízanse os resultados relativos a incidencias e reclamacións asociados á planificación e desenvolvemento do ensino, para poder establecer accións de mellora.**

**As propostas de mellora teñen asignado un responsable da súa execución, e revísanse periodicamente nas reunións das devanditas Comisións para facer un seguimento da súa consecución.**

**A dirección do Centro e o Responsable de Calidade do Centro trasladan á Comisión de Calidade os informes e recomendacións dos diferentes procesos de verificación, seguimento e renovación da acreditación, que se encarga da súa análise e de propoñer, no seu caso, plans e accións de mellora.**

**En todos os órganos do SGIC están representados os grupos te interese internos (PDI, PAS e estudantado), polo que se garante a súa participación no proceso de elaboración, implantación e seguimento das accións de mellora.**

## 2.3 Actuacións máis relevantes

### *Modificación parcial do Plan de estudos do GCPA*

**Durante o curso 2015-16 a Xunta de Facultade decidiu paralizar o deseño dun novo plan de estudos para o GCPA e aceptou promover unha modificación parcial do cuarto curso que na actualidade está finalizando a súa tramitación.**

**Tendo en conta as importantes diverxencias existentes, especialmente entre o PDI, sobre as modificacións a realizar, e coa finalidade de lograr o máximo consenso posible e garantir que a tramitación da modificación do plan de estudos se axustara á normativa vixente e cumpría o calendario establecido pola USC, a Comisión da Calidade na súa sesión de 15/3/16 propuxo, por unanimidade, limitar os cambios a introducir no plan de estudos a una intervención no cuarto curso, consonte as apreciacións do informe de renovación da acreditación do título.**

**A experiencia acumulada durante os últimos 7 cursos na implantación do GCPA recomendaba facer varias intervencións no seu deseño coa finalidade de corrixir o peso de determinados contidos situados no cuarto curso, facéndoos máis proporcionais ao desenvolvemento do resto do programa formativo, coherentes coa práctica xeral de avaliación do rendemento do alumnado seguida nos tres primeiros cursos e compatibles cun reforzo de competencias que garanta unha mellor orientación profesional, sen alterar os obxectivos, o enfoque científico e de inserción laboral que recollía na súa memoria orixinal o actual plan de estudos.**

**A proposta de modificación elaborouse de acordo coas suxestións feitas no informe oral da Comisión de Avaliación Externa da Renovación da Acreditación na súa visita ao Centro**

**os días 28 de febreiro e 1 de marzo de 2016. En concreto, as deficiencias detectadas respecto á xestión do Título e Indicadores de satisfacción revelaban un deseño incorrecto da carga de materias do cuarto curso, cun programa de prácticas e un Traballo de Fin de Grado [en diante, TFG] dotados dun valor excesivamente elevado de créditos -en especial, o TFG-, que, pola súa dimensión, podían xerar problemas de rendemento do alumnado e afectar ás taxas de éxito e graduación. Para solucionar estes problemas, a Comisión Externa recomendou acelerar a modificación do plan de estudos co obxectivo de corrixir a sobredimensión destes elementos e reforzar con novas accións formativas as habilidades do alumnado para elaborar o TFG.**

**Xa que logo, a proposta de cambio limitase a reducir a 14 ECTS o TFG e a 28 ECTS as prácticas externas, de xeito que tal redución se compensa coa introdución (no cuarto curso) de 3 materias de carácter obrigatorio. O carácter concedido ás novas materias ofertadas é coherente coa redución dos 18 ECTS obrigatorios que proveñen do TFG e as prácticas externas.**

**As tres materias que se introducen (*Temas Actuais de Ciencia Política*; *Temas Actuais de Xestión Pública*; *Introdución á Práctica Profesional*) pretenden reforzar a formación do alumnado e xerar complementariedade coa elaboración do TFG e a realización das prácticas, aportando novos enfoques, actualizando temas de debate, fornecendo habilidades de presentación oral e escrita, de manexo de fontes de información e destrezas para a redacción de traballos científicos e profesionais.**

### *Renovación das acreditacións do GCPA e do MMCCP*

**Renováronse as acreditacións dos dous títulos ofertados. Os órganos involucrados no seu seguimento asumiron a obriga de corrixir os erros e anomalías de xestión que a ACSUG detectou en ambos os dous títulos e o compromiso de perfeccionar os resultados que a Axencia pon en evidencia (taxas de éxito, rendemento e abandono) introducindo mecanismos de consulta e análise.**

### *Elaboración dunha enquisa de inserción laboral*

**Malia que a ACSUG realiza informes anuais de inserción laboral dos titulados polo sistema universitario galego a nivel de grao (anualmente, dende 2001) e de máster (ata agora, un para o período 2007-2010 e outro para o período 2010-2011), incluíndo entre os integrantes das súas mostras aos graduados da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais, non se dispón naqueles de información desagregada que facilite aos responsables do centro valorar en que medida ten éxito a transición entre os estudos e o traballo nin as características dos empregos ocupados polos seus titulados e o grado de axuste co título. Por esa razón, como parte do conxunto de procesos do SGIC, a Facultade de Ciencias Políticas**

e sociais da USC solicitou e recibido da USC unha axuda económica coa cal financiar un estudo de inserción laboral dos estudantes receptores de títulos de grado e máster ofertados polo centro.

O informe de inserción laboral do GCPA foi realizado polo coordinador do título. Pola súa banda, o informe de inserción laboral dos títulos de postgrao foi elaborado por unha bolseira encargada da asistencia na realización de accións de calidade. A presentación dos informes fíxose nunha sesión pública o día 14 de febreiro de 2017 coa intervención da decana, o coordinador do título, o presidente da conferencia española e decanos/as de facultades de ciencias políticas e socioloxía e representantes do Colexio Nacional de Licenciados / Graduados e Doutores en Ciencias Políticas e Socioloxía.

### *Solicitude de renovación de equipamento do PDI e PAS*

Coa finalidade de planificar axeitadamente o gasto do exercicio 2016, durante o mes de novembro de 2015 se solicitou ao PDI e PAS do Centro e aos representantes do alumnado na Comisión de Calidade un informe das necesidades de equipamento e mantemento dos recursos materiais e instalacións dos espazos de traballo. As respostas recibidas foron trasladadas á Comisión de Calidade na xuntanza na que se debatiu o criterio "Recursos Materiais", no marco da elaboración do informe de seguimento. Posteriormente, o equipo decanal realizou as compras de material correspondentes e procedeu ao encargo dos labores de reparación solicitados (repintado de despachos). Así mesmo, mantívose unha axuda aberta ao longo do curso destinada a peticións extraordinarias: equipamento de espazos de traballo de PDI de nova incorporación; aparellos de aire acondicionado para a aula 2.1.

### *Composición do Comité Consultivo*

Na reunión da Comisión de Calidade do 10 de decembro de 2015 acordouse a composición do Comité Consultivo da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais. Non obstante, quedou pendente a substitución dun dos membros propostos.

### *Promoción dos títulos*

Durante o curso 2015-16 comezáronse a dar os primeiros pasos para intensificar a promoción dos títulos ofertados coa planificación dun audiovisual (en proceso de elaboración) e a potenciación da presenza da Facultade nas redes sociais (Facebook).

## 2.4 Indicadores do SGIC

**Presentamos una descrición dos resultados dos indicadores recollidos no Sistema de Garantía Interna dos Centros da USC relativos ao curso académico 2015-2016. Estes indicadores foron facilitados polos servizos centrais da USC e postos a disposición dos títulos e centros para a súa análise dentro dos procesos e procedementos vinculados ao SGIC de cada centro.**

### *Grao en Ciencia Política e da Administración*

*Perfil de ingreso/egreso*

- **O número de prazas ofertadas, 125, mantense dende o curso 2010-11. Tendo en conta a escasa oferta actual de posgrao e a dispoñibilidade de PDI, decidiuse manter o número de prazas ofertadas.**
- **A matrícula total, 492, aumentou un 1,8% respecto do curso precedente. Dende o curso 2008-09, a matrícula total incrementouse en case 300 alumnos.**
- **A matrícula de novo ingreso, 133, reduciuse sensiblemente (-4,3%) respecto do ano precedente (139).**
- **A matrícula de inicio de estudios, 130, mantívose, practicamente, no nivel do curso anterior (132). Durante o curso se fixeron xestións ante os órganos competentes da USC para atenuar a incorporación tardía de alumnado (durante o mes novembro), unha circunstancia que, non obstante, se segue a producir afectando ao rendemento do novo alumnado e a organización do proceso de ensino.**
- **A variación da matrícula de inicio de estudos (-1,52%) revelou un estancamento.**
- **A nota media de acceso por preinscrición, 7,13, foi a máis elevada dos últimos sete cursos. Suxeriuse a conveniencia de manter os esforzos de captación de alumnado. Por outra banda, solicitáronse recursos para realizar unha avaliación da percepción social que ten a titulación entre o alumnado de bacharelato e os equipos de orientación dos institutos, entre os que se sospeita unha errada identificación do Título co ámbito das humanidades. Esta última iniciativa non obtivo financiamento, polo que non foi posible levala adiante. Non obstante, considérase necesario, seguir solicitando financiamento para esta acción.**
- **A porcentaxe de estudantes que accederon á titulación con puntuación igual ou superior a 6, 81,45%, rachou a tendencia ao descenso da porcentaxe iniciada no curso 2012-13.**
- **A porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre o total de matriculados, 0,41%, rachou a tendencia de lixeira alza iniciada no curso 2013-14, polo que se considerou convinte facer maiores esforzos promocionais do título dende os órganos da USC encargados da xestión dos programas de intercambio e a reforzar as relacións internacionais que o Centro mantén.**

- **A porcentaxe de estudantes de fora de Galicia sobre o total de matriculados foi de 2,03%, unha porcentaxe en lixeiro crecemento respecto do curso anterior, aínda que na tónica dos cinco cursos precedentes.**
- **A porcentaxe de estudantes preinscritos en primeira opción (matriculados por primeira vez) sobre o total de prazas ofertadas foi do 80,8%, o que confirmou o ascenso mantido dende o curso 2010-11. A Comisión instou a realización dunha análise das expectativas do alumnado entrante e deseñar posteriormente accións de promoción do título.**
- **A porcentaxe de matriculados de inicio de curso sobre prazas ofertadas, 104%, revela a recuperación do ascenso mantido dende o curso 2010-11. Considerouse necesario elevar unha consulta aos servizos competentes para que expuxeran os criterios utilizados para permitir unha matrícula superior ás prazas ofertadas polo centro.**

*Rendemento do título*

- **A porcentaxe de estudantes enviados en programas de mobilidade sobre o total de matriculados, 5,69%, mostrou a recuperación das porcentaxes en torno ao 4% de cursos anteriores. Considerouse recomendable actuar -a través da reforma do cuarto curso- no aumento dos estudantes saíntes para cursar no exterior o cuarto curso.**
- **A porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados, 10,16%, puxo en evidencia que proseguiu a tendencia á súa redución respecto dos 6 cursos anteriores, o cal recomendou intensificar as accións de promoción da universidade e o centro entre colaboradores dos programas de mobilidade.**
- **O dato da porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións, 98,59%, foi coherente coa oferta obrigatoria do programa de prácticas externas, polo que mantivo, igualmente, a tendencia dos anos precedentes.**
- **A porcentaxe de persoal docente investigador (PDI) con sexenios sobre o el total del PDI seguiu en aumento alcanzando agora a cota máis elevada (68%) dos últimos anos. Coa finalidade de xerar oportunidades para o desenvolvemento dunha actividade investigadora acorde ás esixencias dos actuais sistemas de promoción profesional (sexenios), e sen menoscabo da calidade da docencia, suxeriuse a organización da docencia procurando deixar un cuadrimestre dispoñible para que o PDI desenvolva actividade investigadora.**
- **A ratio entre o número de PDI doutor e o PDI total, 96,43%, foi similar ao dos cursos precedentes. Sen embargo, o envellecemento do cadro do persoal, a**

**imposibilidade de reter ao alumnado de terceiro ciclo e as nulas perspectivas de carreira académica supoñen unha ameaza por falta de reposición.**

- **A porcentaxe de PDI funcionario sobre o total de PDI, 67,86%, mantívose en niveis elevados, na liña da media da USC (64,67%). Non obstante, observando a evolución deste indicador apréciase a súa paulatina diminución. Esta variación resulta sensible ao proceso de envellecemento do cadro de persoal e ás baixas por xubilación de persoal funcionario non reposto con novas incorporacións ou con funcionarizacións de persoal con contratos laborais.**
- **O dato da ratio de estudantes por profesor a tempo completo, 17,57, foi moi superior ao da media da USC (6,46); igualmente, a media de alumnos por grupo de teoría (61,2), aínda que mostrou a o resultado máis baixo dos últimos seis cursos, resultou ser moi elevado respecto da media da USC (47,37); por último, a media de alumnos por grupo de docencia interactiva, 32,99, mantivo a tónica dos tres cursos previos e foi moi superior ao dato da USC (19,62). Os resultados destes indicadores esixen tomar medidas para reclamar máis apoio docente.**
- **O dato sobre peche das actas de avaliación indicou que por primeira vez dende que se dispón deste indicador se entregaron todas as actas dentro dos prazos establecidos.**

*Indicadores de satisfacción*

- **A puntuación acadada na enquisa sobre satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade (3,61) aumentou respecto do curso anterior. Insistiuse na necesidade de perfeccionar os procesos administrativos que neste programa dependen do centro e mellorar a titorización do alumnado. Así mesmo, suxeriuse a elaboración dunha enquisa propia entre o alumnado participante administrable antes de rematar as estadías.**
- **A puntuación acadada na satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade foi de 4,41. Consideráronse produtivos o esforzos feito polos responsables do Centro nos actos de acollida organizados e na programación de actividades culturais, en colaboración co alumnado propio, para o alumnado entrante.**
- **A puntuación recibida (3,56) na enquisa de satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas mantívose na liña de cursos anteriores (3,76; 3,51).**
- **A puntuación recibida (3,89) nas enquisas de satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas seguiu sendo elevada, pero mostrou unha tendencia á baixa respecto dos cursos precedentes.**
- **A puntuación (4,6) conseguida nas enquisas de satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas foi moi elevada e mantivo o nivel de anos precedentes.**

- **A baixa puntuación alcanzada (2,73) nas enquisas de satisfacción dos egresados/as coa información recibida obriga a difundir entre este colectivo os medios informativos cos que conta o Centro e fornece a USC.**
- **Considérase que a puntuación recibida (2,78) sobre grao de satisfacción dos egresados/as cos servizos (IN33G-PS-03) foi baixa -mesmo respecto dos anos anteriores-.**
- **Finalmente, o grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación foi de 3,26 puntos. Pola súa banda, a puntuación da satisfacción do alumnado coa docencia recibida (3,78) mellorou a dos 4 cursos anteriores. Por último, a puntuación alcanzada na enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (3,81) tamén aumentou respecto dos cursos. Non obstante, séguese a considerar que a participación nas enquisas, en xeral, é baixa, malia os esforzos informativos e de sensibilización feitos dende o Centro durante o último curso sobre a importancia da colaboración coas enquisas.**

***Resultados***

- **O dato da taxa de rendemento, 68,17, inferior á media da USC (76,79), confirmou a tendencia á diminución iniciada hai dous cursos.**
- **O resultado da taxa de éxito, 85,51, supuxo a recuperación da senda crecente deste indicador rachada no curso 2013-14 e se sitúa preto da media da USC (86,20).**
- **A taxa de avaliación (porcentaxe entre o número de créditos ordinarios presentados entre os créditos ordinarios matriculados -excluídos adaptados, recoñecidos ou validados-) foi do 79,72. Xunto co dato do curso 2010-11 (79,39%), foi o resultado máis baixo dende a implantación do Título e mesmo se sitúa por debaixo da media da USC (89,08%).**
- **O dato resultante da taxa de graduación, 48,36%, rachou a tendencia á alza dos tres cursos anteriores e mantense por debaixo da media da USC (54,99%).**
- **A duración media dos estudos, 4,51 anos, aumenta respecto dos tres últimos cursos, aínda que é inferior á media da USC (4,82 anos).**
- **A eficiencia dos titulados (nº de créditos totais matriculados durante os seus estudios polos que finalizan estudios dividido entre os créditos necesarios para acabar a carreira en prazo), 91,02, mantívose na liña dos tres cursos anteriores.**
- **A porcentaxe de alumnado matriculado en primeiro curso que non prosegue formación en cursos superiores foi do 25,24%, un dato que, por fin, rachou a tendencia á alza dende o curso 2012-13. Non obstante, o resultado sigue sendo moi superior á media da USC (14,98). Instouse ao decanato a recoller información entre o alumnado do primeiro curso e do coordinador correspondente, así como a facer unha enquisa entre o alumnado antes de finalizar o primeiro curso.**

- **A taxa de abandono durante o primeiro curso (32,79%) foi superior aos cursos precedentes e situouse por riba da media da USC (23,19).**
- **A taxa de éxito dos egresados (relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que se egresou e o número total de créditos aos que se presentou) foi de 93,26.**
- **A taxa de idoneidade da graduación (relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou antes e a súa cohorte de ingreso), foi de 40,16.**
- **A taxa de eficiencia (rendemento dos egresados), relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que egresou e o número total de créditos nos que se matriculou, foi de 89,34.**

## *Máster en Márketing, Consultoría e Comunicación Política*

### *Perfil de ingreso/egreso*

- **Mantívose a alta demanda, con un 101% de matrícula das 80 prazas ofertadas, aumentando o número de alumnos na sede de Santiago de Compostela, como ven sucedendo dende a implantación da titulación. A porcentaxe de matrícula de inicio de estudos sobre as prazas ofertadas foi do 75%. Non obstante, a matrícula reduciuse lixeiramente na sede do IUIOG en Madrid, o que supuxo unha taxa de variación relativa (en porcentaxe) de matrícula de inicio de estudos do -6,25%, que se considera unha consecuencia de cambios organizativos no Instituto.**
- **Mantívose tamén o elevado número de prazas adxudicadas a alumnos españois que proceden de fóra de Galicia, que no curso 2015-2016 foi do 38,27%. Na sede de Santiago de Compostela, un 20% do alumnado procedeu de fóra de Galicia.**
- **Reduciuse o número de prazas adxudicadas a estudantes que proceden doutros países da UE ou do resto da comunidade internacional en ambas sedes, cun 16,05%. Considérase un efecto da redución da matrícula na sede de Madrid.**
- **Só o 28,4% do alumnado matriculado era egresado da USC, o que indica a capacidade do Máster para atraer á USC a novo alumnado, procedentes doutras universidades.**
- **A nota media de acceso por preinscrición foi de 7,31; o 100% do alumnado que accedeu á titulación tivo unha nota media superior a 6.**
- **A meirande parte do alumnado admitido accedeu, como en cursos anteriores, dende as titulacións preferentes: Ciencias Políticas; Xornalismo ou Ciencias da Comunicación; Económicas; Administración e Dirección de Empresas; Publicidade e Relacións Públicas; Xestión e Administración Pública; Dereito.**
- *Indicadores de satisfacción*

### *Indicadores de satisfacción*

- **En termos xerais, os valores expresados polos índices de satisfacción dos diferentes grupos de interese para o Título do Máster foron bos.**
- **Respecto ao profesorado, é importante destacar o nivel medio de satisfacción do mesmo respecto da docencia impartida no título (4,12 sobre 5) para o curso académico 2015-2016 (cunha porcentaxe de participación do 33%), unha media que non parou de incrementarse nos últimos cursos académicos. Destacaron como aspectos mellor valorados: o coñecemento do nivel de comprensión dos alumnos/as (4,67) e a actitude de interese dos estudantes respecto da materia (4,50). No que atinxe ao grao de satisfacción do PDI coas actividades formativas desenvolvidas, non se dispuxo de información para o curso académico 2015-2016, se ben compre dicir que o nivel nos tres cursos anteriores foi elevado, situándose no curso anterior en 4,47 sobre 5.**
- **En relación ao PAS do centro, compre subliñar o grado de satisfacción alto que amosou respecto do seu traballo (4,00 sobre 5), cuestión que foi destacada pola ACSUG no seu Informe de avaliación para a acreditación da titulación, como un dos puntos fortes do título. Se ben, como sucede co profesorado, non se dispuxo de información respecto do grao de satisfacción deste colectivo coas actividades formativas desenvolvidas, si se pode enfatizar que nos cursos anteriores aumentou, situándose no curso pasado en 4,11 sobre 5.**
- **Compre subliñar, en liñas xerais, as excelentes valoracións e os elevados graos de satisfacción dos diferentes axentes implicados na oferta e xestión das prácticas externas, un dos aspectos que foron salientados pola ACSUG, no informe anteriormente mencionado, como un dos puntos fortes do máster. Comezando polos titores externos do programa de prácticas, é preciso sinalar os elevados graos de satisfacción que amosaron en xeral no curso 2015-2016, respecto dos diferentes aspectos avaliados, destacando especialmente o grao de satisfacción co cumprimento por parte dos alumnos/as (4,50), así como a coordinación e comunicación cos responsables académicos do título (4,50); o grao de satisfacción medio coas prácticas realizadas polo alumnado (4,50) foi superior á media global da USC (4,44) para o curso académico 2015-2016.**
- **Respecto dos estudantes, o seu nivel medio de satisfacción coas prácticas externas foi de 3,20 para o curso académico examinado, mais só se dispuxo de datos para a sede da USC. Destacaron, como aspectos mellor valorados, as instalacións e medios cos que o alumno/a contou na empresa/institución (4,00 sobre 5).**
- **Respecto do grao de satisfacción dos egresados/as do título, pódense facer as seguintes valoracións: primeiro, en liñas xerais, e salvo contadas excepcións, o grao de satisfacción medio cos aspectos valorados na enquisa foi superior ao da media global da USC; segundo, a satisfacción media tanto coa formación teórica (3,60) coma coa formación práctica (3,10) foi razoablemente elevada -en ambos os dous casos, superior á media da USC (3,21 e 2,85 respectivamente) e superior á media da**

**titulación no curso pasado-; terceiro, compre salientar o alto grao de valoración, superior á media global da universidade no curso académico 2015-2016, que os estudantes outorgaron aos seguintes aspectos da súa formación: capacidade de análise (3,70); capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións dentro do meu ámbito de estudo (3,70); capacidade para a aprendizaxe autónoma (3,60); capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos e resolver problemas dun xeito creativo ou orixinal dentro do meu ámbito de estudo (3,50) e pensamento crítico (3,50); cuarto, o grao de satisfacción global co profesorado da titulación, foi de 3,70 sobre 5, superior á media da USC (3,19); o grao en que a formación recibida na titulación cumpriu as expectativas creadas antes de comezala, foi de 3,70, o que supón 1,18 puntos porcentuais superior á media global da USC; finalmente, a media global de valoración da docencia recibida neste curso académico foi de 3,47 (sobre 5), sendo os aspectos que recibiron unha mellor valoración: a explicación da programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da actividade docente (3,77), a resolución de dúbidas que se formulan no aula (3,76), o cumprimento do programa e do plan de traballo previsto (3,68) e a actitude receptiva cara a comunicación co alumnado (3,56).**

- **Non obstante o exposto, compre sinalar a dificultade que aínda se afronta na análise desta información respecto do baixo nivel de resposta en todas as enquisas de satisfacción realizadas a cada un dos grupos de interese, que non permite extraer información demasiado relevante para a análise. Con todo, a porcentaxe de participación do alumnado nas enquisas de avaliación da docencia medrou neste último curso, pasando do 25,93% (curso académico 2014/2015) a o 39,39% no curso 2015/2016.**

*Resultados*

- **Persistiu unha elevada demanda do título -xa sinalada no apartado relativo ao perfil real de ingreso/egreso-, cunha lixeira redución da matrícula na sede do Instituto Universitario Ortega e Gasset.**
- **Aumentou lixeiramente a taxa de rendemento respecto ao curso anterior, que se situou no 92,94. Os valores alcanzados en ambas sedes son moi similares, reducíndose a lixeira diferenza observada no pasado curso, cun 91,49 na sede de Santiago de Compostela e un 94,58 no IUIOG.**
- **A taxa de éxito (superación das materias ás que os alumnos se presentan), alcanzou no curso examinado o 100% para ambas sedes, en liña dos tres cursos anteriores nos que xa era moi alta (99,21%, 97,57%, 99%).**
- **Corrixiuse a evolución negativa da taxa de avaliación (relación entre os créditos presentados e os créditos matriculados), observada no curso precedente. En termos absolutos, os valores seguen sendo altos 92,94% (91,49% na sede de Santiago**

**de Compostela e 94,58% en Madrid). Como ven acontecendo en cursos anteriores, as peores porcentaxes as reflicten os datos relativos aos créditos do TFM en cada un dos centros: aínda que melloraron respecto ao curso 2014-2015, pasan do 55,56% ao 72,09% na sede de Santiago e do 66,04% ao 78,38% no Instituto Universitario de Investigación Ortega e Gasset.**

- **Malia o efecto do adiamento da presentación e defensa do TFM, a duración media dos estudos segue sendo axeitada (1,17 anos).**
- **Tendo en conta o elevado número de matriculados, a taxa de abandono segue mostrando uns valores razoables para o curso 2015-2016: 9,62%.**
- **Finalmente, incrementouse lixeiramente a taxa de graduación do título, pasando do 74,55% no curso 2014-2015 ao 76,92% no 2015-2016. Isto, unido aos indicadores comentados anteriormente, indícanos unha melloría nos resultados do Máster que xa de por si viñan sendo moi bos en cursos anteriores.**

## 3. Plan de Melloras do Centro Curso 2016-17

**Antes de expor o plan de melloras do centro, achégase información sobre o grao do cumprimento das accións de mellora propostas para o curso 2015-16.**

| CÓDIGO | DESCRICIÓN | SITUACIÓN |
|---|---|---|
| AMC16-01 | Analizar a imaxe social do título e as expectativas do novo alumnado. | Pendente (non realizada por falta de financiamento: o trallo de campo esixe un investimento elevado; solicitouse, sen éxito, financiamento como posible acción de calidade na convocatoria anual da USC para este fin). |
| AMC16-02 | Atraer un maior volume de alumnado ás titulacións. | Parcialmente finalizada (estase a elaborar un audiovisual promocional). |
| AMC16-03 | Mellorar a oferta de información sobre o título en lingua inglesa. | Pendente (non realizada por falta de financiamento) |
| AMC16-04 | (01) Elaborar o regulamento de réxime interno do Centro;<br>(02) Mellorar a participación nos procedementos de consulta aos actores interesados<br>(03) Posta en funcionamento do comité consultivo | (01) Pendente<br>(02) Finalizada<br>(03) Parcialmente finalizada |
| AMC16-05 | Organizar os horarios de docencia procurando deixar un cuadrimestre dispoñible para que o PDI desenvolva actividade investigadora. | Pendente (é precisa a coordinación cos distintos departamentos) |
| AMC16-06 | Planificar a xestión dos recursos materiais | Finalizada |
| AMC16-07 | Deseño e oferta de actividades formativas complementarias para mellorar as habilidades do alumnado na na elaboración e defensa dos TFG e TFM | Parcialmente finalizada (obtívose financiamento, pero adiouse a convocatoria de accións formativas ante a obriga de ter a listaxe completa de alumnado matriculado; en proceso durante o segundo cuadrimestre de 2016-17). |
| AMC16-08 | Realización dun seguimento profesional das persoas egresadas e fornecer a creación dunha rede de antigo alumnado da Facultade. | Finalizada |

| LISTAXE DE ACCIÓNS 2016-17 | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ID** | **ORIXE** | **DESCRICIÓN** | **ESTADO** | **RESPONSABLE SEGUIMENTO** | **DATA FIN PREVISTO** | **REMATADA** |
| **AMC17-01-01** | **Detección de anomalías na oferta dos títulos** | **Estudar as motivacións / expectativas que levan ao alumnado a matricularse no GCPA** | **En curso** | **Celestino García Arias** | **Xaneiro 2017** | |
| **AMC17-01-02** | | **Estudar a experiencia e rendemento do novo alumnado durante o primeiro curso do GCPA** | **En curso** | **Celestino García Arias** | **Xullo 2017** | |
| **AMC17-01-03** | | **Corrixir erros (solapamentos, sobrecargas...) no deseño dos horarios do GCPA** | **En curso** | **Irene Rodríguez Manzano** | **Maio 2017** | |
| **AMC17-01-04** | | **Corrixir erros (solapamentos, sobrecargas...) no deseño dos horarios do MMCCP** | **En curso** | **Xosé Luis Barreiro Rivas** | **Maio 2017** | |
| **AMC17-01-05** | | **Deseñar accións promocionais dos títulos ofertados que melloren o recrutamento de alumnado.** | **En curso** | **Miguel Caínzos López** | **Xullo 2017** | |
| **AMC17-02-01** | **Deficiencias na información fornecida polo centro sobre os títulos ofertados e instalacións e servizos do centro** | **Elaborar guías do centro e os seus títulos en lingua inglesa.** | **Iniciándose** | **Miguel Caínzos López** | **Xullo 2017** | |
| **AMC17-02-02** | | **Preparar unha guía sobre o funcionamento do centro (órganos de goberno, coordinadores, etc.)** | **Iniciándose** | **Ramón Bouzas Lorenzo** | **Xullo 2017** | |
| **AMC17-02-03** | | **Verificar a coherencia dos formatos e contidos das guías docentes** | **Pendente** | **Celestino García Arias / Xosé Luis Barreiro Rivas** | **Maio 2017** | |
| **AMC17-03-01** | **Tarefas pendentes no desenvolvemento do SGIC do Centro** | **Elaborar o regulamento de réxime interno do Centro** | **Pendente** | **Ramón Bouzas Lorenzo** | **Maio 2017** | |
| **AMC17-03-02** | | **Desenvolver procesos administrativos pendentes na xestión de calidade (procedementos, plans, xestión de queixas e suxestións; comité consultivo)** | **En curso** | **Denís Fernández Méndez** | **Xullo 2017** | |
| **AMC17-04-01** | **Ausencia de mecanismos de captación de datos sobre formación continua e desenvolvemento profesional do persoal (PDI e PAS) que traballa no centro** | **Favorecer a mobilidade, formación continua e actividades de desenvolvemento profesional do PDI e PAS e introducir un mecanismo de recollida anual de datos sobre eses aspectos.** | **En curso** | **Ramón Bouzas Lorenzo** | **Xullo 2017** | |

| LISTAXE DE ACCIÓNS 2016-17 | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ID** | **ORIXE** | **DESCRICIÓN** | **ESTADO** | **RESPONSABLE SEGUIMENTO** | **DATA FIN PREVISTO** | **REMATADA** |
| AMC17-05-01 | Deficiencias na xestión da adquisición, renovación e reparación e de equipamento | Consolidar a programación anual da adquisición, renovación e reparación de mobiliario que permita mellorar as instalacións e equipamento dos espazos destinados a PDI, PAS e alumnado | En curso | Irene Rodríguez Manzano | Maio 2017 | |
| AMC17-05-02 | | Automatizar a xestión da reserva de espazos | Pendente | Denís Fernández Méndez | Abril 2017 | |
| AMC17-06-01 | Detección de deficiencias no deseño curricular do GCPA (cuarto curso) | Implementar a modificación do deseño do cuarto curso | En curso | Celestino García Arias | Setembro 2017 | |
| AMC17-06-02 | | Deseñar actividades formativas complementarias para TFG / TFM e prácticas externas | En curso | Ramón Bouzas Lorenzo | Decembro 2017 | |
| AMC17-07-01 | Falta de datos propios de inserción laboral do MMCP | Facer un estudo de inserción laboral do MMCCP | Pendente | Xosé Luis Barreiro RIvas | Decembro 2017 | |

| ACCIÓNS DE MELLORA | | | |
|---|---|---|---|
| Definición | Acción de mellora | Código | AMC17-01 |
| | | Tipo | Acción de Mellora da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais |
| | Ámbito | Ámbito de aplicación | Criterio 1. Organización e Desenvolvemento |
| | Definición | Análise causa | Detección de anomalías na oferta dos títulos |
| | | Definición/descrición proposta | Analizar as causas da taxa de abandono do alumnado durante o primeiro curso do GCPA; redeseñar os horarios do GCPA e o MMCP |
| | | Data prevista de finalización | Xullo 2017 |
| | | Data inicio | Setembro 2016 |
| Responsables | | Responsable da implantación | Ramón Bouzas Lorenzo |
| *Tarefa 1* | | Código | AMC17-01-1 |
| | | Descrición tarefa | Estudar as motivacións / expectativas que levan ao alumnado a matricularse no GCPA |
| | | Data prevista de finalización | Xaneiro 2017 |
| | | Persoa responsable | Celestino García Arias (Coordinador do GCPA) |
| *Tarefa 2* | | *Código* | AMC17-01-2 |
| | | Descrición tarefa | Estudar a experiencia e rendemento do novo alumnado durante o primeiro curso do GCPA |
| | | Data prevista de finalización | Xullo de 2017 |
| | | Persoa responsable | Celestino García Arias (Coordinador do Título) |
| *Tarefa 3* | | *Código* | AMC17-01-3 |
| | | Descrición tarefa | Corrixir erros (solapamentos, sobrecargas...) no deseño dos horarios do GCPA |
| | | Data prevista de finalización | Maio 2017 |
| | | Persoa responsable | Irene Rodríguez Manzano |

| | | |
|---|---|---|
| ***Tarefa 4*** | **Código** | **AMC17-01-4** |
| | **Descrición tarefa** | **Corrixir erros (solapamentos, sobrecargas...) no deseño dos horarios do MMCP** |
| | **Data prevista de finalización** | **Xullo 2017** |
| | **Persoa responsable** | **Xosé Luís Barreiro Rivas** |
| ***Tarefa 5*** | **Código** | **AMC17-01-5** |
| | **Descrición tarefa** | **Deseñar accións promocionais dos títulos ofertados que melloren o recrutamento de alumnado.** |
| | **Data prevista de finalización** | **Xullo 2017** |
| | **Persoa responsable** | **Miguel Caínzos López** |

| CIÓNS DE MELLORA | | | |
|---|---|---|---|
| Definición | Acción de mellora | Código | AMC17-02 |
| | | Tipo | Acción de Mellora da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais |
| | Ámbito | Ámbito de aplicación | Criterio 2. Información e Transparencia |
| | Definición | Análise causa | Deficiencias na información fornecida polo centro sobre os títulos ofertados e instalacións e servizos do centro |
| | | Definición/descrición proposta | Perfeccionar a información e comunicación institucional do centro |
| | | Data prevista de finalización | Xullo 2017 |
| | | Data inicio | Marzo 2017 |
| Responsables | | Responsable da implantación | Ramón Bouzas Lorenzo |
| Tarefa 1 | | Código | AMC17-02-1 |
| | | Descrición tarefa | Elaborar guías do centro e os seus títulos en lingua inglesa. |
| | | Data prevista de finalización | Xullo 2017 |
| | | Persoa responsable | Miguel Caínzos López (RAM) |
| Tarefa 2 | | Código | AMC17-02-2 |
| | | Descrición tarefa | Preparar unha guía sobre o funcionamento do centro (órganos de goberno, coordinadores, etc.) |
| | | Data prevista de finalización | Xullo 2017 |
| | | Persoa responsable | Ramón Bouzas Lorenzo |
| Tarefa 3 | | Código | AMC17-02-3 |
| | | Descrición tarefa | Verificar a coherencia dos formatos e contidos das guías docentes |
| | | Data prevista de finalización | Xullo 2017 |
| | | Persoa responsable | Celestino García Arias (Coordinador GCPA)<br>Xosé Luis Barreiro Rivas (Coordinador MMCP) |

| ACCIÓNS DE MELLORA | | | |
|---|---|---|---|
| Definición | Acción de mellora | Código | AMC17-03 |
| | | Tipo | Acción de Mellora da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais |
| | Ámbito | Ámbito de aplicación | Criterio 3. Sistema de Garantía Interna |
| | Definición | Análise causa | Tarefas pendentes no desenvolvemento do SGIC do Centro |
| | | Definición/descrición proposta | Mellorar a xestión do sistema de calidade do Centro |
| | | Data prevista de finalización | Maio 2017 |
| | | Data inicio | Marzo 2017 |
| Responsables | | Responsable da implantación | Ramón Bouzas Lorenzo |
| Tarefa 1 | | Código | AMC17-03-1 |
| | | Descrición tarefa | Elaborar un regulamento de réxime interno para o Centro |
| | | Data prevista de finalización | Maio 2017 |
| | | Persoa responsable | Ramón Bouzas Lorenzo |
| Tarefa 2 | | Código | AMC17-03-2 |
| | | Descrición tarefa | Desenvolver procesos administrativos pendentes na xestión de calidade (procedementos, plans, xestión de queixas e suxestións; comité consultivo) |
| | | Data prevista de finalización | Xullo 2017 |
| | | Persoa responsable | Denís Fernández Méndez |

| ACCIÓNS DE MELLORA | | | |
|---|---|---|---|
| Definición | Acción de mellora | Código | AMC17-04 |
| | | Tipo | Acción de Mellora da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais |
| | Ámbito | Ámbito de aplicación | Criterio 4. Recursos Humanos |
| | Definición | Análise causa | Ausencia de mecanismos de captación de datos sobre formación continua e desenvolvemento profesional do persoal (PDI e PAS) que traballa no centro |
| | | Definición/descrición proposta | Fornecer oportunidades para o desenvolvemento profesional e recollida de datos sobre formación continua do PDI e PAS |
| | | Data prevista de finalización | Xullo de 2017 |
| | | Data inicio | Marzo 2016 |
| Responsables | | Responsable da implantación | Ramón Bouzas Lorenzo |
| Tarefa1 | | Código | AMC17-04-1 |
| | | Descrición tarefa | Favorecer a mobilidade, formación continua e actividades de desenvolvemento profesional do PDI e PAS e introducir un mecanismo de recollida anual de datos sobre eses aspectos. |
| | | Data prevista de finalización | Xullo 2017 |
| | | Persoa responsable | Ramón Bouzas Lorenzo |

| ACCIÓNS DE MELLORA | | | |
|---|---|---|---|
| Definición | Acción de mellora | Código | AMC17-05 |
| | | Tipo | Acción de Mellora da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais |
| | Ámbito | Ámbito de aplicación | Criterio 5. Recursos Materiais |
| | Definición | Análise causa | Deficiencias na xestión da adquisición, renovación e reparación e de equipamento |
| | | Definición/descrición proposta | Planificar a xestión de recursos materiais |
| | | Data prevista de finalización | Xullo de 2017 |
| | | Data inicio | Marzo 2017 |
| Responsables | | Responsable da implantación | Irene Rodríguez Manzano |
| Tarefa 1 | | Código | AMC17-05-1 |
| | | Descrición tarefa | Consolidar a programación anual da adquisición, renovación e reparación de mobiliario que permita mellorar as instalacións e equipamento dos espazos destinados a PDI, PAS e alumnado |
| | | Data prevista de finalización | Maio 2017 |
| | | Persoa responsable | Irene Rodríguez Manzano |
| Tarefa 2 | | Código | AMC17-05-2 |
| | | Descrición tarefa | Automatizar a xestión da reserva de espazos |
| | | Data prevista de finalización | Abril 2017 |
| | | Persoa responsable | Denís Fernández Méndez |

| ACCIÓNS DE MELLORA | | | |
|---|---|---|---|
| Definición | Acción de mellora | Código | AMC17-06 |
| | | Tipo | Acción de Mellora da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais |
| | Ámbito | Ámbito de aplicación | Criterio 6. Resultados da Aprendizaxe |
| | Definición | Análise causa | Detección de deficiencias no deseño curricular do GCPA (cuarto curso) |
| | | Definición/descrición proposta | Redeseño do cuarto curso do GCPA |
| | | Data prevista de finalización | Setembro 2017 |
| | | Data inicio | Febreiro 2016 |
| Responsables | | Responsable da implantación | Ramón Bouzas Lorenzo |
| Tarefa 1 | | Código | AMC16-06-1 |
| | | Descrición tarefa | Implementación do redeseño do cuarto curso |
| | | Data prevista de finalización | Setembro 2017 |
| | | Persoa responsable | Celestino García Arias |
| Tarefa 2 | | Código | AMC16-06-2 |
| | | Descrición tarefa | Deseñar actividades formativas complementarias para TFG e prácticas externas |
| | | Data prevista de finalización | Decembro 2017 |
| | | Persoa responsable | Ramón Bouzas Lorenzo |

| ACCIÓNS DE MELLORA | | | |
|---|---|---|---|
| Definición | Acción de mellora | Código | AMC17-07 |
| | | Tipo | Acción de Mellora da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais |
| | Ámbito | Ámbito de aplicación | Criterio 1, 6 y 7 |
| | Definición | Análise causa | Falta de datos propios de inserción laboral do MMCP |
| | | Definición/descrición proposta | Realización dun seguimento profesional das persoas egresadas e fornecer a creación dunha rede de antigo alumnado da Facultade. |
| | | Data prevista de finalización | Decembro de 2017 |
| | | Data inicio | Abril 2017 |
| Responsables | | Responsable da implantación | Xosé Luís Barreiro RIvas |
| Tarefa1 | | Código | AMC17-07-1 |
| | | Descrición tarefa | Realización dun seguimento profesional das persoas egresadas |
| | | Data prevista de finalización | Decembro 2017 |
| | | Persoa responsable | Xosé Luis Barreiro Rivas |

## 4. Anexo: Informes de seguimento

**Grao en Ciencias Políticas e da Administración**

http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/politicas/descargas/Calidade/2015_Informe_Renovacion_Acreditacion_Grao.pdf

**Máster en Márketing, Consultoría e Comunicación Política**

http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/politicas/descargas/Calidade/2016_INFORME_SEGUIMENTO_MasterMarketing.PDF